

MEDIDAS DE PREVENCIÓN PARA OS ALUMNOS E AS ALUMNAS

Antes de vir ao cole:

- ⇒ Non debes acudir ao centro se tes síntomas compatibles co COVID 19 ou se estás en corentena domiciliaria por ter contacto con algunha persoa contaxiada.
- ⇒ Evita as **AGLOMERACIÓNS** tanto no transporte como nas entradas e saídas así como nos desprazamentos polo centro.
- ⇒ Prepara o día anterior todo o que necesites para as clases. Na mochila deberás ter un estoxo co xel hidroalcolico, un paquete de panos desbotables ademais dunha máscara de reposto. Desaconséllase compartir materiais con outras persoas.
- ⇒ Le atentamente e respecta o protocolo de actuación do teu centro así coñecerás o que está permitido .

Ao chegar ou marchar:

- ⇒ Localiza a entrada e saída ao centro e chega **PUNTUAL**.
- ⇒ **DIRÍXETE Á PORTA DE ACCESO COA MÁSCARA** posta respectando a distancia de seguridade de 1,5 m. Non poderás permanecer no patio xogando ou falando en grupo.
- ⇒ Respecta en todo momento as medidas de protección e hixiene.
- ⇒ Colabora para evitar **AGLOMERACIÓNS** nas entradas, saídas, nos intercambios e no recreo.
- ⇒ Abandona o recinto cando a actividade lectiva finalice con orde.

Dentro da aula:

- ⇒ Accede á aula de maneira ordenada, respectando a distancia de 1,5 m .
- ⇒ **NON COMPARTAS** obxectos persoais nin material escolar. Se non podes evitalo, lava as mans canto antes.
- ⇒ Lava as mans con frecuencia con auga e xabón, ou xel hidroalcolico. Obrigatorio ao inicio da xornada escolar.
- ⇒ **DESINFECTA** os instrumentos ou elementos comúns. Se tes clases seguidas, non debes abandonar a aula nin pasear sen razón.
- ⇒ Ao finalizar a xornada lectiva, deixa o teu posto recollido para facilitar a limpeza e desinfección.

Nos descansos e nas zonas comúns:

- ⇒ Procura relacionarte en grupos pequenos, sempre coa distancia de seguridade de 1.5 m.
- ⇒ Evita as aglomeracións e non permanezas nos corredores nin nas zonas de paso, procura realizar os descansos nas zonas ao aire libre.
- ⇒ Deberás levar sempre a máscara posta e respectar sempre a distancia de seguridade.
- ⇒ Evita tocar se non é necesario obxectos e superficies nas zonas de descanso.
- ⇒ No caso de choiva, o alumnado permanecerá ordenado na súa aula, coa porta aberta.
- ⇒ Respectaranse as quendas nas zonas de uso no patio no tempo de lecer.

Ao saír e regresar a casa:

- ⇒ Colabora na saída para **EVITAR AS AGLOMERACIÓNS** sobre todo na porta de saída.
- ⇒ Vixía diariamente o teu estado de saúde e o dos teus familiares e amigos/as.
- ⇒ Ao chegar á casa, lava as mans con auga e xabón, quita os zapatos e pon para estar na casa outro calzado distinto.

Colabora!

Por un espazo libre de COVID 19!